

REGULAMENTO XXIII TRAVESÍA A NADO. PORTO DA GUARDA

SÁBADO, 7 DE XULLO DE 2018. ÁS 12.00H

XXIII TRAVESÍA A NADO PORTO DA GUARDA rexerese polo presente regulamento.

Novamente esta edición formará parte da programación da **XXVIII FESTA DA LANGOSTA e DA COCIÑA MARIÑEIRA** que se celebrará os días 6, 7 e 8 de xullo no porto da Guarda.

1. ORGANIZACIÓN

Promovida e xestionada pola Concellería de Deporte da Guarda, contará coa colaboración do club de Remo Robaleira; Club ALAGUA; Confraría de Pescadores Santa Tecla e Río Verde motores forabordas.

2. PARTICIPACIÓN

Poden participar na Travesía a Nado tanto nadadores federados como non federados. **Co coñecemento de nado**, a organización resérvase o dereito de exclusión dos participantes a criterio da organización.

3. CATEGORÍAS

CATEGORÍA FEMININA	CATEGORÍA MASCULINA
A - Nados nos anos 2012-2018 B - Nados nos anos 2007-2011 E - Nados nos anos 2003-2006 F - Nados nos anos 1998-2002 G - Nados nos anos 1981-1997 H - Nados en 1980 e anteriores	C - Nados nos anos 2012-2018 D - Nados nos anos 2007-2011 I - Nados nos anos 2003-2006 J - Nados nos anos 1998-2002 K - Nados nos anos 1981-1997 L - Nados en 1980 e anteriores

4. DISTANCIA

400 METROS: Categorías A,B,C, D

1.200 METROS: Categorías E,F,G,H,I,J,K, L

REGULAMENTO XXIII TRAVESÍA A NADO. PORTO DA GUARDA

SÁBADO, 7 DE XULLO DE 2018. ÁS 12.00H

5. PERCORRIDO



Información




Parking



Percorrido 400m



Duchas auga quente



Percorrido 1200m



Duchas auga fría

SAIDA/META

Punto de inicio/ final

Novamente a travesía coincide coa Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira polo que a saída e meta dos nadadores (sinalada no mapa) será dende as escaleiras situadas no muelle a uns metros da carpa da festa, na orde seguinte:

400 m: A, B, C, D. Consiste en ida e volta ata unha boia no centro do porto.

1200m: E, F, G, H, I, J, K, L. Consiste en dar unha volta a un cadrado acoutado por boias de obrigado paso e que os nadadores bordearán deixándoas a súa esquerda.

A organización reservarase o dereito a modificar o percorrido se o considera oportuno.

REGULAMENTO XXIII TRAVESÍA A NADO. PORTO DA GUARDA

SÁBADO, 7 DE XULLO DE 2018. ÁS 12.00H

6. INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta e o prazo de inscrición estará aberto dende o luns 11 de xuño ata o venres 29 de xuño (inclusive).

Así mesmo os nadadores non federados menores de 18 anos precisan que o pai, nai ou titor autorice a súa participación. Está a disposición o impreso de autorización que pode enviarse asinado previamente por correo electrónico a turismo@aguarda.es ou, en último caso, pode entregarse no momento de recollida do gorro.

Unha vez realizada a inscrición a organización adxudicará un número a cada participante e o día da proba recibirá o seu gorro co número correspondente.

A inscrición na travesía supón o coñecemento e aceptación do presente regulamento quedando reservado o dereito de admisión.

7. DESENVOLVEMENTO DA PROBA

A proba está controlada por persoal da organización da Travesía, sendo a súa competencia a resolución de calquera cuestión ou recurso que apareza no desenrolo da competición.

A participación quedará confirmada coa recollida do gorro numerado cunha antelación de 30 minutos da celebración da proba e presentando un documento que acredite a súa identidade e a data de nacemento.

A efectos de identificación os participantes non poderán quitarse o gorro numerado entregado pola organización ata a finalización da competición. A organización pode solicitar que o participante acredite a súa identidade durante a competición se o considera oportuno.

Queda prohibida a utilización de axudas externas como aletas, flotadores e similares. O neopreno só se poderá utilizar se a temperatura da auga e menor aos 18° ou por decisión da organización. A temperatura será recollida 30 minutos antes da proba.

O remate da proba os participantes recibirán un bocadillo, bebida (auga) e unha peza de froita. Poden empregarse as duchas quentes das instalacións do Club de Remo Robaleira. Situadas no outro dique a uns 900 metros. Mais as próximas atópanse na praia do Carreiro que conta con ducha pero non está permitido o uso de xabóns.

A Travesía contará en materia de seguridade coa colaboración da Policía Local, embarcación de salvamento e persoal de socorrismo co apoio do Club de Remo Robaleira, Clube Alagua entre outros voluntarios.

REGULAMENTO XXIII TRAVESÍA A NADO. PORTO DA GUARDA**SÁBADO, 7 DE XULLO DE 2018. ÁS 12.00H****8. HORARIOS**

- Entre as 10:30 - 11:50 horas; cada participante poderá recoller o seu gorro numerado para a proba. Non hai servizo de gardarroupa.
- Ás 12:00 horas comeza o percorrido de 400 m para as categorías A, B, C, D.
- Ao remate desta comezará o percorrido de 1200 m para as categorías E, F, G, H, I, J, K.
- A entrega de premios terá lugar na carpa da Festa da Langosta sobre ás 13:15 horas.

9. PREMIOS

- Trofeos para o 1º, 2º e 3º clasificados de cada categoría.
- Trofeos aos gañadores absolutos masculino e feminino da travesía.
- Trofeo para o nadador e nadadora máis xoves e máis veterano/a que rematen a proba.

PARA MÁIS INFORMACIÓN**Concello da Guarda**

Praza do Reló, 1 - 36780 A Guarda (Pontevedra)

Telf. 986 614 546 / Fax: 986 610 283

e-mail: turismo@aguarda.esweb: www.aguarda.esblog: deporteaguarda.blogspot.com